



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Administración e Dirección de Empresas

Curso Académico: 2015/2016

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017
FORMATO		Páxina 1 de 33

Índice

1. Introducción.....	2
1.1. Compromiso.....	2
1.2. Ámbito de aplicación.....	2
1.3. Documentación de referencia.....	2
1.4. Composición e funcións da Comisión de Calidade.....	3
2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade	5
2.1. Vixencia da política de calidade	5
2.2. Evolución e Grao de cumprimento do Plan Estratéxico e da Programación Plurianual do Centro	6
2.3. Estado do Plan de Melloras para o curso 2015-2016	6
2.4. Indicadores de eficacia do SGIC.....	8
3. Plan de Melloras do Centro	14
4. Anexo: Informes de seguimento	32

 FACULTADE DE ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS	MEMORIA DE CALIDADE FORMATO	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017 Páxina 2 de 33
---	---	--

1. Introducción

1.1. Compromiso

A Facultade de Administración e Dirección de Empresas é consciente da importancia que ten a calidade para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario.

Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade elabora a súa política marcándose como principal meta o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento crave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

Esta Facultade ten como obxectivo ser recoñecida por desenvolver programas formativos que garantan a mellor e máis axeitada formación para os seus estudantes, que dean resposta ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador e que faciliten as condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos, tendo en conta os principios de responsabilidade, participación e igualdade, orientación ao alumnado, excelencia no traballo e transparencia.

Para conseguir este obxectivo, o equipo de dirección do Centro, constituído polo/a decano/a, o/a vicedecano/a e o/a secretario/a, traballa en colaboración coas distintas comisións de título e a comisión de calidade.

A presente Memoria de Calidade da Facultade de Administración e Dirección de Empresas, correspondente ao curso académico 2015-2016, foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro seguindo as indicacións da guía facilitada pola Área de Calidade e Mellora dos procedementos, e presentada á Xunta de Facultade para a súa aprobación.

1.2. Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación do SGIC durante o curso 2015-2016 atangue ás titulacións impartidas no centro e a todas as persoas da Facultade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Os títulos vinculados á Facultade durante o curso 2015-2016 foron:

- Grao en Administración e Dirección de Empresas
- Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas
- Máster Universitario en Dirección de Empresas

O Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Máster en Dirección de Empresa, son títulos compartidos coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais no campus de Santiago, polo que existen comisións de título conxuntas intercampus e comisión de título en cada Facultade. Os informes de seguimento e acreditación son elaborados polas comisións conxuntas.

1.3. Documentación de referencia

Considérase documentación de referencia ademais dos documentos que configuran no SGIC da Facultade (manual extenso, manual simplificado e manual de procesos e procedementos) e da

 FACULTADE DE ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017
	FORMATO	Páxina 3 de 33

normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela, a que se cita a continuación:

- Memoria de Grao en Administración e Dirección de Empresas da USC http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/sxopra/memorias_graos_USC/Administracion_e_Direcc_de_Empresas_xL_e_Sx.pdf
- Memoria do Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/sxopra/memorias_graos_USC/Xestion_PEMES.pdf
- Memoria do Máster en Xestión de Empresas (MBA) http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/empresas/descargas/Memorias_titulos/Memoria_Master_Direccion_de_Empresas.pdf
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/empresas/descargas/Normativa/Regulamento_de_Rxxime_Interno_da_Facultade_de_ADE.pdf

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGIC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade, as Comisións de Título, as Comisións Conxuntas Intercampus, o responsable de calidade do centro e os distintos coordinadores de curso e coordinadores dos títulos.

As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionados co desenvolvemento do SGIC poden consultarse no Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna de Calidade da Facultade de Administración e Dirección de Empresas, Capítulo 3. http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/empresas/descargas/calidade/Manual_simplificado_SGIC_Facultade_de_ADE_GALEGO_xV01x23-03-2015x.pdf

1.4. Composición e funcións da Comisión de Calidade

a) Composición da Comisión de Calidade

Decana (Presidenta)

Responsable de Calidade do Centro

Secretario

Coordinadora do Grao en ADE

Coordinador do Grao en Xestión de PEMES

Coordinadora do Máster en Dirección de Empresas

Responsable da Unidade de Apoio á Xestión

Representante de PDI

Representante de Alumnos

b) Funcións principais da Comisión de Calidade

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e a mellora do SGIC do Centro.

 USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA FACULTADE DE ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS	MEMORIA DE CALIDADE FORMATO	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017 Páxina 4 de 33
---	---	--

- Elaborar a Memoria de Calidade do Centro que englobará distintos informes e memorias:
 - Proposta do plan de melloras do centro para o curso seguinte, que recollerá as propostas de mellora dos Títulos derivadas dos seus informes de seguimento.
 - Informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora.
 - Informes de seguimento dos Títulos.

c) Reunións da Comisión de Calidade durante o curso 2015-16

- Data 8 de outubro ás 13.00h de 2015

Puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- 2.- Informe de seguimento do título do grao en ADE
- 3.- Axudas acción de mellora docente
- 4.- Rogos e preguntas

- Data 23 de novembro ás 10.00h de 2015

Puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación do informe anual de seguimento correspondente ao curso 2014/15 do grao en ADE, do grao en PEMES e do Máster en Dirección de Empresas
- 2.- Rogos e preguntas

- Data 15 de xaneiro ás 10.00h de 2016

Puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores
- 2.- Plan estratéxico da Facultade, liñas do plan estratéxico
- 3.- Coordinación prácticas dos distintos títulos
- 4.- Memoria de calidade
- 5.- Proposta de límite de prazas para as titulación de grao da Facultade
- 6.- Rogos e preguntas

- Data 26 de xaneiro ás 10.00h de 2016

Puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores
- 2.- Análise da situación para a elaboración do plan estratéxico da Facultade
- 3.- Rogos e preguntas

- Data 27 de xaneiro ás 10.00 h de 2016

Punto único: Continuación coa análise da situación da Facultade (DAFO)

 FACULTADE DE ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017
FORMATO		Páxina 5 de 33

- Data 10 de febreiro 10.00h de 2016

Punto único: Continuación coa análise da situación da Facultade (DAFO)

- Data 22 de febreiro ás 12.00h de 2016

Punto único: Continuación coa elaboración do plan estratéxico (reflexión sobre as liñas estratéxicas e informar das acción de mellora realizadas)

- Data 7 de marzo ás 12.00h de 2016

Puntos da orde do día:

1.- Aprobación, se procede, das actas das sesión anteriores

2.- Accións de mellora títulos

3.- Memoria Calidade

4.- Axudas calidade

5.- Rogos e preguntas

- Data 9 de maio ás 10.30h de 2016

Puntos da orde do día:

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

2.- Análise do plan estratéxico da Facultade para o que se achegan tres arquivos. Rógase a súa lectura, necesaria para dita análise

3.- Rogos e preguntas

2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

2.1. Vixencia da política de calidade

A Facultade elabora a súa política de calidade, enmarcada dentro da política de calidade da USC, a través do Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC), aprobado pola Xunta de Facultade o 7/05/2010 e polo Consello de Goberno da USC do 27/05/2010, e valorado positivamente pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) o 10/05/2011. Asemade, a dirección da Facultade adquiriu o compromiso permanente de mellora continua a través da política de calidade asinado pola Decana o 25/02/2014.

O Sistema de Garantía Interno de Calidade Simplificado é aprobado ó 25 de febreiro de 2014. Con posterioridade son revisados algún aspectos, como o punto 3.4.4 Comisión de Título de Máster e os Indicadores, aprobándose en Consello de Goberno de 23 de marzo de 2015.

Os documentos que configuran o SGIC son o manual extenso do sistema marco de calidade, o manual simplificado do sistema de garantía interna de calidade e o manual de procesos e procedementos. Estes documentos están dispoñibles a través da páxina web da Facultade no seu epígrafe dedicado ao Sistema de Garantía Interno de Calidade <http://www.usc.es/gl/centros/empresas/CalidadeVo1.html>

 FACULTADE DE ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS	MEMORIA DE CALIDADE FORMATO	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017 Páxina 6 de 33
---	---	--

A Comisión de Calidade no curso 2016/2017 ten previsto modificar o Regulamento de Réxime Interno para adaptalo aos novos Estatutos da USC, así como revisar e reestruturar as diferentes Comisións existentes e as súas competencias para mellorar o seu funcionamento. Estas modificacións deberanse recoller no Manual Simplificado do Sistema Interno de Garantía de Calidade.

2.2. Evolución e Grao de cumprimento do Plan Estratéxico e da Programación Plurianual do Centro

O plan estratéxico da Facultade de ADE 2016-2020, foi elaborado pola Comisión de Calidade do centro segundo o proceso P01-PE-01 do SGIC da Facultade, e aprobado pola Xunta de Centro o 30 de setembro de 2016 (pendente de aprobación pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno). A Programación Plurianual do centro, tendo en conta que o plan estratéxico está pendente de aprobación polo Consello de Goberno, propúxose a súa elaboración para o curso académico 2016-2017.

O plan estratéxico está estruturado en 7 grandes liñas estratéxicas, a súa vez cada liña recolle unha serie de obxectivos e accións a levar a cabo. Algunhas das accións incluídas no Plan Estratéxico comezaron a súa andadura durante o curso 2015-16, aínda que iste non estaba aprobado.

En relación á liña estratéxica 1: **Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, a flexibilidade e a sostibilidade**, leváronse a cabo as seguintes accións:

- Tratouse de involucrar ao PDI, PAS e alumnado nas decisións importantes do centro, impulsando a súa participación nas distintas comisións organizativas da Facultade. Isto levouse a cabo a través do envío de diferentes correos electrónicos que destacaban a relevancia das decisións a tomar en aras da mellora da calidade do centro, así como a través das diferentes intervencións da Decana nas Xuntas de Facultade.
- Nas diferentes reunións de coordinación de curso e de títulos tratáronse de detectar carencias formativas do PDI, para impulsar novas accións formativas. Como consecuencia levouse a cabo un curso de formación específico para o profesorado do centro relacionado coa xestión das aulas virtuais de coordinación.
- No ano 2014, co obxectivo de buscar unha colaboración entre grupos de investigación do campus pertencentes a distintos centros de formación, creouse unha rede de investigación integrada por profesores da Escola Politécnica e da Facultade de Administración e Dirección de Empresas para o estudo e análise da xestión sostible da empresa agoalmentaria. Durante o curso 2015-16 realizáronse as Primeiras Xornadas Internacionais de Asesoramento Rural-Formación de Asesores, e o II Workshop Internacional da Rede IGSEA.

En relación á liña estratéxica 2, **O alumnado, valor presente e futuro**, leváronse a cabo as seguintes accións:

- Para tratar de promocionar os títulos e captar novo alumnado, realizáronse visitas a distintos centro de ensino medio e formación profesional para presentar as diferentes titulacións que se imparten na Facultade, así mesmo leváronse a cabo varias xornadas de acollida ao alumnado destes centros organizadas a través do programa a PONTE.

 FACULTADE DE ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS	MEMORIA DE CALIDADE FORMATO	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017 Páxina 7 de 33
---	---	--

Finalmente, en xuño de 2016 un grupo de profesores da Facultade participou no *Campus Científico Xuvenciencia*, que ten como obxectivo contribuír a divulgación da ciencia e a tecnoloxía na sociedade, especialmente entre o alumnado preuniversitario.

- Para explicar os principais aspectos relacionados coa Facultade e as titulacións que se imparten, a principio de curso fíxose unha xornada de benvida para o alumnado de primeiro ano e a comezo de cada semestre unha para os alumnos de intercambio.
- Co obxectivo de proporcionar ao alumnado unha visión práctica e complementaria da formación impartida nas aulas, ao longo deste curso organizáronse conferencias de empresarios de diferentes sectores da actividade económica, así como visitas a empresas do tecido empresarial galego.
- Por outra banda, tratouse de impulsar a figura de delegado de curso pero non se conseguiu a participación por parte do alumnado, supliuse esta figura pola de alumnado titor (5 alumnos titores durante este curso), que realizaron a función de nexos de unión entre equipo decanal e alumnado.
- Para analizar si as titulacións ofertadas están adaptadas a demanda e necesidades da sociedade e do tecido empresarial, creouse un comité consultivo formado por representantes de grupos de interese externos á Facultade. Durante o curso 2015-16 levouse a cabo a primeira reunión deste comité.
- Neste senso, e no ámbito da colaboración con tecido empresarial de Lugo fíxose unha revisión dos convenios con empresas para a realización de prácticas do alumnado.
- Para informar ao alumnado da Facultade das ofertas de emprego que chegan ao Decanato utilízanse os medios telemáticos dos que se dispón no centro (redes sociais, páxina web e pantalla de televisión).
- Finalmente, organizouse unha xornada de difusión da cultura emprendedora na que participaron novos emprendedores e responsables de viveiros de empresa (Fundación CEL e UNIEMPRENDE).

En relación á Liña estratéxica 3: **Oferta de titulacións adaptada ás necesidades da sociedade**, levouse a cabo a seguinte acción:

- Co obxectivo de mellorar a coordinación vertical e horizontal entre as materias das titulacións, aprobouse o 19 de maio de 2016 un protocolo de coordinación que establece as principios directrices a ter en conta polo profesorado do centro.

En relación á Liña estratéxica 4: **Xestión simple, eficaz e transparente**, leváronse a cabo as seguintes accións:

- As principais decisións que afectan aos distintos colectivos implicados no proceso ensino-aprendizaxe difúndense a través da páxina web da Facultade.
- No senso de fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres nomeouse unha responsable de igualdade de xénero. Asemade, para a elaboración dos horarios de curso, elaborouse un procedemento no que se indica de forma expresa a necesidade de ter en conta a conciliación laboral e familiar a hora de asignación de horarios ós distintos profesores.

 FACULTADE DE ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017
	FORMATO	Páxina 8 de 33

- En relación aos recursos materiais da Facultade, o responsable de calidade do centro realiza un seguimento continuo do equipamento para detectar posibles deficiencias e propoñer a súa mellora.
- Finalmente, a Facultade xunto co servizo de prevención de riscos da Universidade fai un seguimento periódico dos riscos que poden afectar ao persoal do centro.

En relación á Liña estratéxica 5: **Relación intercampus e no marco do Campus Terra**, leváronse a cabo as seguintes accións:

- Ao longo do curso académico 2015-16 programáronse varias reunións de coordinación para o título de grado en ADE e do Máster en Dirección de Empresas coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago de Compostela, xa que son títulos compartidos polas dúas facultades.
- Por outra banda, a Decana de Facultade participou nas distintas reunións programadas pola Conferencia de Decanos de Facultades de Economía e Empresa a nivel Nacional, polo colexio de Decanos da USC, así como en distintos encontros dos Decanos dos centros pertencentes ao Campus Terra.

Finalmente, sinalar que nas liñas estratéxicas 6 e 7 durante o curso 2015-16 non se levou a cabo ningunha acción para acadar os obxectivos establecidos.

2.3. Estado do Plan de Melloras para o curso 2015-2016

As accións de mellora comprometidas nos informes de seguimento do Grao en Administración e Dirección de Empresas e do Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas para o curso académico 2015-16, así como as comprometidas no informe de renovación para a acreditación do Máster Universitario en Dirección de Empresas para este mesmo curso, foron todas finalizadas en tempo e forma, agás a elaboración da programación plurianual da Facultade que está prevista realizada no curso académico 2016-17, e a participación do profesorado no programa DOCENTIA, xa que non houbo unha convocatoria deste programa. O cumprimento destas accións de mellora recóllense no punto 3 desta memoria.

Asemade, as accións de melloras propostas para o curso 2016-17, incluídas no informe de renovación da acreditación do Grao en Administración e Dirección de Empresas e, nos informes de seguimento do Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas e do Máster Universitario en Dirección de Empresas do curso 2015-16, estanse a desenvolver segundo a planificación prevista.

2.4. Indicadores de eficacia do SGIC

Presentamos a continuación os resultados dos indicadores máis relevantes recollidos no SGIC do centro correspondentes aos cursos académicos 2014/2015 e 2015-2016. Estes indicadores son facilitados polos servizos centrais da USC e postos a disposición dos centros para a súa análise dentro dos procesos vinculados ao SGIC de cada centro e aos procesos de seguimento e renovación da acreditación dos títulos impartidos.

Datos Graos: <http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/titulosoficiais/datosgraos.html>

Datos Máster: <http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/titulosoficiais/datosmasteres.html>

INDICADOR	GRAO ADE		GRAO PEMES		MÁSTER	
	2014-15	2015-16	2014-15	2015-16	2014-15	2015-16
Prazas ofertadas	125	125	45	45	23	23
Matrícula	367	376	16	19	32	34
Matrícula de novo ingreso	61	92	16	5	17	16
Matrícula de inicio de estudos	55	83	16	5	17	16
Nota media de acceso por preinscripción	6,81	6,93	6,33	8,26	6,77	6,58
Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	62,96	64,10	53,33	75,00	93,75	87,50
Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	1,09	1,60	0	0	12,50	5,88
Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	3,54	4,26	6,25	10,53	3,13	0,00
Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas	34,40	59,20	35,56	11,11	-	-
Porcentaxe de matriculados de novo ingreso sobre prazas ofertadas	44,00	66,40	35,56	11,11	73,91	69,57
Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	1,36	2,66	-	-	-	-
Porcentaxe de alumnos recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	7,63	9,31	-	-	18,75	23,53
Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade	4,33	4,67	-	-	4,33	4,67
Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas	3,69	4,43	-	-	4,62	3,14
Satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas	4,19	4,13	-	-	4,48	3,79
Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas	4,70	4,75	-	-	4,20	4,80
Estudantes egresados do título nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizaron prácticas en empresas e institucións	60,38	50,00	-	-	83,33	84,62
Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible	3,15	3,33	-	-	-	3,43
Grao de Satisfacción xeral dos egresados coa titulación	3,71	3,23	-	-	4,18	4,15
Porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total con docencia no título	14,29	16	12,50	8,33	23,08	40,00
Porcentaxe PDI Doutor sobre PDI total	42,86	48,48	42,86	47,62	69,23	64,29
Porcentaxe de PDI funcionario sobre PDI total	60,00	60,61	64,29	76,19	53,85	50,00
Ratio de estudantes por profesor tempo completo	12,66	12,97	1,33	0,95	2,67	2,62
Media de alumnos por grupo de teoría	67,39	65,12	12,90	8,75	12,23	12,69
Media de alumnos por grupo de interactiva	30,54	32,03	12,90	8,75	13,87	13,72
Taxa de rendemento	65,08	66,10	72,09	61,71	89,25	81,14
Taxa de éxito	72,68	76,97	80,87	83,72	99,42	99,54
Taxa de avaliación	89,55	85,87	89,15	73,71	89,77	85,57
Taxa de graduación	35,79	32,73	-	-	41,18	52,94
Duración media dos estudos	4,88	5,24	-	-	2,00	2,00

INDICADOR	GRAO ADE		GRAO PEMES		MÁSTER	
	2014-15	2015-16	2014-15	2015-16	2014-15	2015-16
Eficiencia dos titulados	84,54		-	-	95,89	87,22
Taxa de abandono durante o primeiro curso	30,67	19,30	-	-	-	-
Taxa de abandono RD 1393	36,84	30,00	-	-	35,29	5,88
Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	3,62	3,59	4,26	3,97	4,18	4,38
Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	3,73	3,83	3,70	4,14	4,15	4,43

A continuación, coméntanse os aspectos máis relevantes dos indicadores atendendo aos criterios dos informes de seguimento e de renovación da acreditación dos títulos impartidos na Facultade.

a) Organización e desenvolvemento

Na Facultade de Administración e Dirección de Empresas estanse a impartir na actualidade dos títulos de Grao: Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas, e un Máster Universitario en Dirección de Empresas. O Grao en ADE e o Máster son compartidos coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias do Campus de Santiago de Compostela.

Tendo en conta que a implantación do Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas é gradual e soamente estaban implantados os dous primeiros cursos, non existen algúns dos indicadores recollidos na táboa anterior.

Pasamos a destacar algúns dos aspectos máis relevantes deste apartado para cada titulación impartida na Facultade.

En total o número de estudantes que cursan os seus estudos na Facultade no curso 2015-16 ascende a 429.

Grado en ADE

O Número de prazas ofertadas anualmente ascende a 125, producíndose un incremento paulatino na matrícula conxunta de todo o grao durante os últimos cursos académicos, agás no curso 2014-2015, onde a matrícula total sufriu un lixeiro retroceso de 18 alumnos. No curso académico 2015-16 repuntou a matrícula ata situarse nos 376 alumnos, lixeiramente superior aos 367 alumnos do curso anterior. Ademais, este curso produciuse un aumento considerable na matrícula de novo ingreso, pasando de 61 alumnos a 92, é dicir un incremento de mais do 50%.

Aínda que os datos acadados no curso 2015-16 son moi alentadores, somos conscientes de que o número de matriculados de novo ingreso está alonxado das prazas ofertadas neste grao, polo que desde a dirección da Facultade, lévanse varios cursos académicos poñendo en marcha iniciativas tendentes a incrementar o número de matriculados (vídeo promocional, actualización da páxina web, visitas a centros de ensino secundario e de formación profesional, visitas de centros de ensino secundario e de formación profesional á Facultade, participación no Campus XovenCiencia do Campus Terra, entre outras actividades). Estas actuacións son para promocionar no só este grao senón todas as titulacións que se imparten no centro.

 USC FACULTADE DE ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017
FORMATO		Páxina 11 de 33

A nota media de acceso ao grao de ADE no campus de Lugo foi de 6,93, lixeiramente superior a do curso precedente (6,81). Consecuentemente, tamén increméntase a porcentaxe de alumnado que accede á titulación con puntuación igual ou superior a seis (64,10% fronte ao 62,96%).

A porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados foi do 2,66%, mentres que o número de alumnos recibidos por convenios firmados con outras universidades de diferentes países foi de 33 (México 27, Arxentina 1 e Francia 2).

A porcentaxe de estudantes egresados que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións reduciuse por primeira vez neste curso académico, pasando do 60,38% no curso 2014-15 ao 50% na actualidade.

Grao en Xestión de Pemes

O número de prazas ofertadas anualmente no Grao en Xestión de PEMES ascende a 45, sendo o número de matriculados de 19 e de novo ingreso 5. Este aspecto preocúpanos polo que xa se estableceron accións encamiñadas a mellorar estas cifras de matrícula, expostas anteriormente para o Grao en ADE.

A nota media de acceso ao grao en Xestión de PEMES foi de 8,26, sensiblemente superior á do curso anterior (6,33), sendo a porcentaxe de alumnado que accede á titulación con puntuación igual ou superior a 6 do 75%.

Estamos esperanzados en que as medidas tomadas por esta Facultade permitan incrementar o número de alumnado que considere atractivo este grao en Xestión de PEMES.

Máster Universitario en Dirección de Empresas

O número de prazas ofertadas anualmente no Máster en Dirección de Empresas ascende a 23, sendo o número de matriculados de novo ingreso de 16, un menos que o curso precedente.

A nota media de acceso é de 6,58, lixeiramente inferior á do curso anterior, sendo a porcentaxe de alumnado que accede á titulación con puntuación igual ou superior a 6 moi elevada (87,50%). A porcentaxe de alumnos estranxeiros matriculados no Máster foi do 5,88%, aproximadamente a metade do curso 2014-15, e a porcentaxe de estudantes recibidos a través de programas de mobilidade foi do 23,53%.

Ademais, é moi elevado a porcentaxe de egresados que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas (84,62%), cifra moi similar a obtida en cursos anteriores.

b) Información e transparencia

Un dos obxectivos da dirección da Facultade de ADE é a homoxeneización da información proporcionada para todos os títulos impartidos nela, por iso este apartado analízase de forma conxunta.

A páxina web da Facultade presenta información completa, detallada e actualizada, dirixida tanto ao alumnado como a outros grupos de interese, internos e externos. Hai que sinalar que se fixo unha reorganización da páxina web co obxectivo de mellorar o acceso á información dos diferentes colectivos. Ademais, instalouse unha pantalla de televisión no vestíbulo da Facultade para informar das principais novidades que poidan ser de interese para o alumnado.

 USC FACULTADE DE ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS	MEMORIA DE CALIDADE	Código: F03-PM-01 Versión: 02 Data: 07/03/2017
FORMATO		Páxina 12 de 33

Por outra banda, faise unha sesión de acollida ao alumnado de novo ingreso, así como diferentes sesións para informar sobre distintos aspectos relacionados co funcionamento das titulacións: presentacións do TFG e TFM, programas de mobilidade, prácticas en empresas, etc.

O único dato do que se dispón para valorar se se está a conseguir o obxectivo de información pública e transparencia é o da satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible, que no caso do Grao en ADE foi de 3,33, lixeiramente superior a do curso anterior, e de 3,43 no Máster en Dirección de Empresas.

c) Recursos Humanos

En relación ao persoal académico do centro, cómpre salientar que o PDI co que conta a Facultade para o desenvolvemento dos títulos impartidos cumpre cos requisitos necesarios para impartir unha docencia de calidade ao alumnado. En xeral o profesorado é suficiente para o correcto desenvolvemento das titulacións impartidas.

En relación a ratio de estudantes por profesor a tempo completo diminuíu en relación ao curso precedente (6,92 fronte a 7,69), aínda que sigue sendo superior a media da USC (6,46). Esta ratio varía sensiblemente en función da titulación a que se faga referencia, así a ratio mais elevada prodúcese no grao en ADE, con 12,97 estudantes por profesor.

A porcentaxe de PDI funcionario en relación ao PDI total é do 63,24%, similar a do curso anterior (59,68%), sendo unha parte importante profesores titulares de escola (33%), o que condiciona o número de profesores doutores (51,47% sobre PDI total) e a porcentaxe de PDI con sexenios de investigación sobre o PDI total (20,00%).

Por outra banda, a experiencia docente do PDI vese reflectida no elevado número de quinquenios que posúe o profesorado que imparte docencia nas tres titulacións, cunha media superior a 4 quinquenios por docente.

O persoal de apoio (PAS) co que conta o centro (seis persoas) para o bo desenvolvemento da actividade administrativa da Facultade é suficiente e cumpre cos requisitos necesarios para levar a cabo as súas funcións. A maior parte do PAS conta cunha antigüidade no posto e escala de polo menos seis anos.

d) Recursos materiais e servizos

A Facultade de ADE está ubicada nun edificio moderno, funcional e adaptado ás persoas con discapacidade. Dispón das infraestruturas e das tecnoloxías necesarias para o desenvolvemento do proceso de ensino/aprendizaxe no Espazo Europeo de Educación Superior. O acceso a internet, fixo ou por Wifi, está dispoñible en toda a Facultade, tal e como se pode observar no espazo web onde figuran todos os recursos materiais cos que conta o centro:

<http://www.usc.es/gl/centros/empresas/recursosmateriais.html>.

